

## AGRUPAMENTO DE CURSOS E CICLOS

# As organizacións sindicais conseguimos paralizar a aplicación da circular

Na mesa celebrada hoxe, venres 29 de maio, conseguimos que a consellaría paralizara a aplicación da circular pola que se establecían uns novos criterios para os agrupamentos de cursos e de ciclos.

O martes 9 de xuño, celebrarase unha Mesa Sectorial na que se negociaran os criterios que rexerán para o agrupamento de alumnado de distintos cursos ou excepcionalmente de distintos ciclos.

Para o STEG, os criterios que saian da negociación, teñen que mellorar os que se viñan aplicando desde o ano 2003. De non ser así seguiremos mobilizándonos polo mantemento da calidade do ensino e das condicións sociolaborais do profesorado.